

***ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN DA AVOGACÍA NOVA DE OURENSE***

**TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS**

**TITULO II.- DOS INTEGRANTES DA AGRUPACIÓN**

CAPÍTULO PRIMEIRO.- DOS MEMBROS DA AGRUPACIÓN

CAPÍTULO SEGUNDO.- OUTRAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN

**TITULO III.- DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA AGRUPACIÓN**

CAPÍTULO PRIMEIRO.- ÓRGANOS

CAPÍTULO SEGUNDO.- DAS ASAMBLEAS XERAIS

CAPÍTULO TERCEIRO.- DA XUNTA DIRECTIVA

CAPÍTULO IV.- DAS DELEGACIÓNS

**TÍTULO IV.- DO RÉXIME ELECTORAL**

**TITULO V.- DO RÉXIME ECONÓMICO**

**TITULO VI.- DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS**

**TITULO VII.- DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA AGRUPACIÓN**

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

**DISPOSICIÓN FINAL**

## TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

### **Artigo 1.- Denominación.**

A agrupación dos avogados novos de Ourense denomínase AGRUPACIÓN DA AVOGACÍA NOVA DE OURENSE e o seu acrónimo é ANOU (en adiante, a Agrupación).

### **Artigo 2.- Réxime xurídico.**

A Agrupación créase ó amparo da regulación contida no Estatuto Xeral da Avogacía Española, e ó amparo do Estatuto do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense coma unha agrupación de avogadas e avogados integrada dentro do propio Colexio (ICA Ourense), rexida por principios democráticos, sen ánimo de lucro e con plena independencia e liberdade de actuación para o cumprimento dos seus fins.

A Agrupación e os seus membros réxense polos presentes Estatutos así coma polos Estatutos do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, conforme ó disposto na Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e demais lexislación aplicable e ó amparo do Estatuto Xeral da Avogacía.

### **Artigo 3.- Ámbito Territorial e duración.**

O ámbito territorial da Agrupación é a provincia de Ourense, constituíndose a mesma por tempo indefinido.

### **Artigo 4.- Sede.**

A Agrupación ten a súa sede na cidade de Ourense, sendo o seu domicilio social na sede do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, Rúa Concello 22, baixo, Ourense.

### **Artigo 5.- Independencia e relacións de colaboración.**

A Agrupación actuará de forma autónoma e independente do ICA Ourense, sen prexuízo da súa subordinación á Xunta de Goberno do mesmo.

As actuacións e comunicacións da Agrupación deberán de ser identificadas coma de tal procedencia, sen atribuírse nunca ó ICA Ourense.

A Agrupación poderá manter libremente relacións de colaboración coas restantes agrupacións, seccións, asociacións, e comisións da avogacía ou con outros colectivos existentes en España e con cantas organizacións semellantes nacionais ou internacionais

estime oportuno para un mellor cumprimento dos seus fins, e sen que as súas actuacións e comunicacións comprometan ó ICA Ourense.

Sempre que sexa requirida a tal efecto, a Agrupación, a través da súa Xunta Directiva, dará e renderá contas á Xunta de Goberno do ICA Ourense de cantas iniciativas e actuacións sexan transcendentales para esta.

#### **Artigo 6.- Fins da Agrupación.**

A Agrupación ten como fins propios:

- a) A representación dos agrupados na avogacía nova de Ourense.
- b) Contribuír e colaborar co ICA, na defensa dos intereses profesionais da avogacía nova, con especial atención a aqueles que se inician no exercicio da mesma.
- c) Fomentar a presenza da avogacía nova en tódolos ámbitos da sociedade, contribuíndo á mellora da súa imaxe pública e a destacar a súa función social.
- d) Potenciar e desenvolver actividades no ámbito profesional, formativo, social, cultural e corporativo que beneficien individual e colectivamente á avogacía nova que compón a Agrupación.
- e) Impulsar a formación técnico-xurídica dos seus membros a través de cursos, seminarios, conferencias e outras iniciativas dirixidas especialmente á avogacía nova, mantendo así mesmo informados ós agrupados das novidades tanto xurídicas coma de interese colexial.
- f) Colaborar cos órganos de goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense participando na vida corporativa colexial, así como fomentando a participación da avogacía nova que conforma a Agrupación nos órganos de goberno colexiais, sen que iso supoña a perda da autonomía de opinión nin de actuación dos seus membros.
- g) Manter relacións coas Asociacións de avogados novos tanto nacionais como internacionais, coa *Confederación Española de Abogados Jóvenes (CEAJ)*, e coas diferentes administracións públicas, colaborando con elas nas tarefas de interese común.
- h) Realizar cantas actividades sexan necesarias para o cumprimento de tódolos seus fins e para o desenvolvemento integral da Agrupación.
- i) Calquera outro fin relacionado coa defensa dos intereses e problemas propios da avogacía nova.

#### **Artigo 7.- Representación.**

ANOU será a única agrupación oficial da avogacía nova no Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense.

## **TITULO II. DOS INTEGRANTES DA AGRUPACIÓN**

### **Artigo 8.- Composición.**

A incorporación á Agrupación será voluntaria.

A Agrupación estará composta por agrupadas e agrupados, que serán membros de pleno dereito, existindo tamén a posibilidade de participación de persoas non agrupadas.

### **CAPÍTULO PRIMEIRO.- DOS MEMBROS DE PLENO DEREITO.**

#### **Artigo 9.- Agrupadas e agrupados de pleno dereito.**

Serán agrupadas e agrupados de pleno dereito aquelas avogadas e avogados menores de 40 anos ou calquera outra persoa colexiada con menos de 5 anos de exercicio profesional na avogacía que estean incorporados ó Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense como exercentes e soliciten por escrito a súa inclusión na Agrupación da Avogacía Nova.

A Xunta Directiva da Agrupación, en coordinación coa Xunta de Goberno do Colexio, informará a tódalas persoas que se dean de alta como avogadas ou avogados en exercicio da existencia da Agrupación e dos requisitos necesarios para formar parte dela.

#### **Artigo 10.- Dereitos das agrupadas e agrupados.**

Os integrantes de pleno dereito da Agrupación teñen os seguintes dereitos:

- a) Asistir ás Asembleas Xerais con voz e voto.
- b) Participar en tódalas actividades que se promovan no seo da Agrupación e formar parte das comisións de traballo que se constituán.
- c) Ser elector e elixible para tódolos cargos que se renoven nos órganos da Agrupación, segundo o establecido nestes Estatutos.
- d) Propoñer iniciativas para o mellor desenvolvemento dos fins estatutarios.
- e) Ser informado e oído en Asemblea Xeral sobre a actividade da Agrupación.

- f) Recibir da Agrupación e, en especial, da súa Xunta Directiva, todo o apoio que poida precisar en asuntos relacionados co seu exercicio profesional.
- g) Tódolos demais dereitos que lle correspondan, de acordo cos presentes estatutos e demais normativa aplicable.

**Artigo 11.- *Obrigas das agrupadas e agrupados.***

Serán obrigas dos integrantes da Agrupación:

- a) Acatar e cumprir os Estatutos e os acordos das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva validamente adoptados no ámbito das súas respectivas competencias.
- b) Cumprir fielmente as funcións inherentes ó cargo que exerzan ou que expresamente se lles encomenden.
- c) Informar á Xunta Directiva do resultado das tarefas encomendadas.
- d) Colaborar de forma activa coa Agrupación para unha adecuada consecución dos seus fins.

**Artigo 12.- *Perda da condición de agrupada ou agrupado.***

A condición de agrupada ou agrupado de pleno dereito pérdese:

- a) Por cumprila idade de 40 anos, ou en caso de ser maiores, cando se alcancen 5 anos de exercicio efectivo da profesión.
- b) Por causar baixa no exercicio profesional da avogacía no Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, calquera que fora a causa que a motive.
- c) Por baixa voluntaria solicitada por escrito á Xunta Directiva da Agrupación.

**CAPÍTULO SEGUNDO.- OTRAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN.**

**Artigo 13.- *Colexiados non exercentes.***

1.- As persoas que posúan unha Licenciatura ou Grado en Dereito e que estean en situación de colexiados como non exercentes no Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense e o alumnado do Máster para o exercicio da Avogacía, poderán participar das actividades da Agrupación.

2.- Estas persoas, ademáis, poderán asistir con voz pero sen voto ás Asembleas Xerais ou Extraordinarias da Agrupación.

#### **Artigo 14.- *Colaboradores Activos.***

1.- Serán colaboradores da Agrupación, todas aquelas persoas ou institucións que, polas súas achegas materiais, culturais, axudas económicas ou de outro tipo, en todo caso, relevantes, ou por circunstancias especiais apreciadas pola xunta Directiva da Agrupación, poidan merecer esta condición.

Estes colaboradores activos serán nomeados pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

2.- Poderán ser invitados a participar con voz pero sen voto nas Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias da Agrupación, así como a calquera outros actos ou reunións que lles propoña a Xunta Directiva da Agrupación.

3.- A finalidade desta participación, será conseguir unha maior notoriedade pública da agrupación e dos seus fins, ostentando os mesmos, o dereito a explicitar a súa condición de colaboradores na súa actividade.

4.- A perda da condición de colaborador producirase:

a) Por vontade propia.

b) Por acordo da Asemblea Xeral, coas mesmas formalidades e requisitos que as establecidas para o seu nomeamento.

#### **Artigo 15.- *Membros de honra.***

1.- Serán membros de honra, todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, ou institucións que polos seus méritos, aportacións á Agrupación ou por calquera outra circunstancia apreciada pola Xunta Directiva da Agrupación, poidan merecer esta condición.

Estes membros serán nomeados pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

2.- Ningunha persoa que cumpra cos requisitos de idade ou antigüidade para poder ser agrupada ou agrupado de pleno dereito poderá ser nomeado membro de honra.

3.- Os membros de honra poderán ser invitados a participar con voz pero sen voto nas Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias da Agrupación, así como a calquera outros actos ou reunións que lles propoña a Xunta Directiva da Agrupación.

4.- A finalidade dos membros de honra será conseguir unha maior notoriedade pública da agrupación e dos seus fins, ostentando os mesmos, o dereito a explicitar a súa condición en calquera acto da vida pública colexial ou profesional.

5.- A perda da condición de membro de honra producirase:

- a) Por vontade propia.
- b) Por acordo da Asemblea Xeral, coas mesmas formalidades e requisitos que as establecidas para o seu nomeamento.

## **TITULO III. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA AGRUPACIÓN**

### **CAPÍTULO PRIMEIRO.- ÓRGANOS**

#### **Artigo 16.- *Órganos da Agrupación.***

A Agrupación da Avogacía Nova de Ourense está integrada polos seguintes órganos:

- a) Asemblea Xeral
- b) Xunta Directiva
- c) Comisións delegadas

### **CAPÍTULO SEGUNDO.- DAS ASEMBLEAS XERAIS**

#### **Artigo 17.- *Asemblea Xeral.***

1.- A Asemblea Xeral é o máximo órgano decisorio da Agrupación e estará integrada por tódolos agrupados que, por si mesmos ou debidamente representados, asistan a cada unha das súas reunións, sendo os seus acordos vinculantes para tódolos agrupados.

2.- Soamente os agrupados teñen voz e voto na Asemblea.

3.- As Asembleas Xerais serán ordinarias e extraordinarias.

4.- Corresponden á Asemblea Xeral as seguintes funcións:

- a) Aprobar ou censurar a xestión da Xunta Directiva, podendo acordar a revogación de todos ou algún dos seus membros.
- b) Aprobar a memoria económica anual da Agrupación.
- c) Acordar e aprobar calquera tipo de directrices xerais ou concretas de actuación da Agrupación para a súa execución pola Xunta Directiva.

- d) Aprobación ou modificación dos Estatutos da Agrupación, sen prexuízo das facultades que corresponden á Xunta de Goberno do ICA de Ourense.
- e) Debater e, no seu caso, aprobar calquera outro asunto relacionado cos fins da Agrupación e que a Xunta Directiva decida someter á súa consideración.
- f) Calquera outra función atribuída nos presentes Estatutos.

### **Artigo 18.- *Asemblea Xeral Ordinaria.***

1.- A Asemblea Xeral Ordinaria, previamente convocada, reunirse unha vez ó ano, dentro do primeiro trimestre, para tratar, cando menos, sobre a rendición de contas, memoria do exercicio, aprobación do presuposto e programación de actividades.

2.- A Asemblea Xeral Ordinaria convocarase pola Secretaría co visto e praxe da Xunta Directiva, mediante correo electrónico enviado á conta de cada agrupado que figure nos seus arquivos, con 15 días naturais de antelación, como mínimo, ó da súa celebración.

3.- As representacións para a Asemblea só poderán outorgarse a favor de outro agrupado, por escrito e especificamente para cada reunión, debendo consignarse no documento acreditativo daquela, o nome, número de colexiado e o número do D.N.I. da persoa que delega, así como o nome do representante. A delegación debidamente subscripta, pola persoa que delega, deberá entregarse en calquera momento antes da constitución da Asemblea a quen exerza as funcións de Secretaría da Xunta Directiva, e en todo caso, coa antelación suficiente para que se poda comprobar a validez da delegación, pois en outro caso, non producirá efecto a mesma.

Cada agrupada e agrupado poderá asistir á Asemblea Xeral cun número máximo de tres (3) delegacións.

### **Artigo 19.- *Asemblea Xeral Extraordinaria.***

1.- A Asemblea Xeral reunirse de forma extraordinaria sempre que sexa convocada con tal carácter pola Secretaría co visto e praxe da Xunta Directiva, ben a iniciativa propia, ou ben, a instancia dun vinte cinco por cento dos membros de pleno dereito da Agrupación, cando se pretendan debater cuestións de interese xeral que afecten de forma transcendente ós fins da Agrupación, distintos ós temas a tratar pola Asemblea Xeral Ordinaria.

Neste último suposto, a solicitude de convocatoria farase por escrito coa firma deste mínimo do vinte cinco por cento de agrupadas e agrupados, e conterà unha proposta de orde do día.

2.- A Asemblea Xeral Extraordinaria convocarase pola Secretaría co visto e praxe



da Xunta Directiva, mediante correo electrónico enviado á conta de cada agrupado que figure nos seus arquivos, no prazo máximo de 15 días naturais de antelación, ó da súa celebración.

3.- A representación para a Asemblea Xeral Extraordinaria deberá cumprir o indicado no artigo 20.3 para a Asemblea ordinaria.

#### **Artigo 20.- Orde do día.**

1.- A orde do día da Asemblea Xeral, tanto ordinaria coma extraordinaria, será confeccionada pola Xunta Directiva.

2.- Durante os 5 días hábiles seguintes á convocatoria poderanse presentar peticións relativas a calquera tema relacionado coa orde do día, ou solicitar a inclusión de calquera punto na orde do día.

3.- No prazo dos 3 días hábiles seguintes, a Xunta Directiva debe decidir se procede a inclusión de esas modificacións na orde do día. En caso, afirmativo deberá procederse a notificar a nova orde do día na forma prevista nestes Estatutos, sen variar a data da reunión.

En caso de que a Asemblea Xeral extraordinaria fora convocada a instancia do vinte cinco por cento dos membros de pleno dereito da Agrupación, a Xunta Directiva deberá incluír necesariamente na orde do día as cuestións propostas na solicitude de convocatoria.

4.- Non poderán ser obxecto de votación nin de acordo aquelas cuestións que non consten na orde do día.

#### **Artigo 21.- Constitución da Asemblea Xeral.**

1. A Asemblea Xeral, ordinaria ou extraordinaria, quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando os integrantes presentes ou representados constituán unha quinta parte do número total de integrantes da Agrupación.

2. En segunda convocatoria, non é preciso quórum mínimo, quedando validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes.

#### **Artigo 22.- Presidencia da Asemblea.**

1. A Asemblea Xeral, ordinaria ou extraordinaria, será dirixida pola persoa que ocupe a Presidencia da Xunta Directiva, e a falta desta polo membro de maior idade da Xunta Directiva, salvo quen ocupe a Secretaría.

2. A Presidencia será asistida pola persoa que ocupe a Secretaría da Xunta Directiva, e no seu defecto, polo membro da Xunta Directiva de menor idade, salvo quen ocupe a Presidencia.

### **Artigo 23.- Toma de decisións.**

1. Os acordos das Asembleas Xerais, ordinaria ou extraordinaria, adoptaranse por maioría de votos dos asistentes validamente emitidos, a man alzada, salvo nos casos en que nestes Estatutos se estableza outra maioría para a adopción de determinados acordos.

2. As decisións adoptadas pola Asemblea Xeral vincularán a tódolos membros da Agrupación, aínda que votaran en contra ou non asistiran á reunión convocada.

### **Artigo 24.- Actas.**

1.- Todas as sesións das Asembleas Xerais documentaranse en actas, que se transcribirán no seu correspondente libro e deberán ser asinadas pola Presidencia e pola Secretaría da Agrupación.

2.- A acta someterase a aprobación pola Asemblea, ó inicio da Asemblea Xeral ordinaria seguinte, e incluírá necesariamente a data e o lugar de celebración, orde do día, identificación da Presidencia e da Secretaría, a lista de asistentes, e un resumo dos asuntos debatidos e acordos adoptados.

3.- Calquera agrupado poderá obter certificación expedida pola Secretaría dos acordos adoptados.

## **CAPÍTULO TERCEIRO.- DA XUNTA DIRECTIVA**

### **Artigo 25.- Definición e composición da Xunta.**

1. A Xunta Directiva é o órgano executivo e permanente da Agrupación. Como tal, someterase ás directrices que sinale a Asemblea Xeral cumprindo os acordos por esta adoptados.

2. A Xunta Directiva estará composta por cinco membros:

- a) Presidencia
- b) Secretaría
- c) Tesourería
- d) Vogalía 1ª

e) Vogalía 2ª

3.- Por decisión da Presidencia, calquera dos outros membros da Xunta Directiva poderá ostentar, ademais do seu cargo, a vicepresidencia da Agrupación.

4.- Os cargos serán persoais e gratuítos.

En caso de dimisión dun mínimo de tres membros da Xunta Directiva, deberá procederse á convocatoria inmediata de eleccións.

#### **Artigo 26.- *Duración do mandato.***

A duración do mandato da Xunta Directiva, será de dous anos, sendo posible a reelección dos seus membros por un máximo de tres mandatos consecutivos para ese cargo, salvo no caso da Presidencia, que só poderá ser elixida un máximo de dous mandatos consecutivos. Se calquera dos cargos cumprise o límite de idade marcado para pertencer á Agrupación durante o seu mandato, continuará no seu desempeño ata a finalización do período do mandato para o que foi escollido.

#### **Artigo 27.- *Funcións da Xunta Directiva e dos seus membros.***

1. Son funcións da **Xunta Directiva**:

- a) Convocar a Asemblea Xeral, Ordinaria e Extraordinaria.
- b) Desenrolar os principios e as directrices recollidos nos acordos adoptados nas Asembleas Xerais.
- c) Executar os acordos das Asembleas Xerais.
- d) Presentar, para a súa aprobación, a memoria de actividades e a rendición de contas anuais á Asemblea Xeral Ordinaria da Agrupación, e á Asemblea Xeral Ordinaria anual convocada pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense.
- e) Aprobar os orzamentos.
- f) O establecemento de cotas periódicas a abonar polos seus membros.
- g) Cando sexa invitada, participar en cantas Comisións sexan creadas pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, designando a algún ou algúns dos seus membros para que se integren na Comisión.
- h) Tomar coñecemento, e na medida das súas competencias, funcións e posibilidades, tratar de dar solución ós problemas de índole profesional que calquera membro da Agrupación lle comunique.
- i) Colaborar coa Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense na

realización de estudos e na execución e implantación de medidas e programas que se destinen especificamente ó colectivo da avogacía nova do Colexio.

- j) Pronunciarse sobre cuestións relacionadas coa Avogacía nova.
- k) Ser canle institucional de diálogo ante a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense das inquietudes, propostas, peticións e iniciativas da Agrupación.
- l) Convocar eleccións, conforme ó previsto nos presentes Estatutos.
- m) Adoptar decisións e iniciativas, no marco dos fins e das competencias da Agrupación da Avogacía Nova do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense.
- n) As demais funcións conferidas polos presentes estatutos, así como as non atribuídas expresamente á Asemblea Xeral.

## 2. Son Funcións da **Presidencia**:

- a) Representar á Agrupación.
- b) Presidir as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, correspondéndolle moderar en ámbalas dúas.
- c) Convocar, xunto coa Secretaría, as reunións da Xunta Directiva, así coma firmar con ela as convocatorias da Asemblea Xeral.
- d) Decidir co seu voto, os empates que houbera nas votacións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- e) Autorizar e fiscalizar as contas e operacións económicas da Agrupación.
- f) Elevar á Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense cantas mocións, escritos e propostas sexan aprobadas pola Asemblea ou pola Xunta Directiva.
- g) Velar pola boa marcha e representatividade da Agrupación ante tódolos órganos colexiais e nas relacións da Agrupación cos outros existentes no territorio nacional e internacional, así coma coas Administracións Públicas e a sociedade en xeral.
- h) Acudir ás sesións da Xunta de Goberno do I.C.A. de Ourense, cos dereitos e obrigas atribuídos polos Estatutos Colexiais.
- i) Cantas outras lles sexan encomendadas polos presentes estatutos, ou correspondendo á Xunta Directiva non estean asignadas expresamente a outros dos seus membros.

## 3. Son Funcións da **Vicepresidencia**:

- a) Substituír temporalmente á Presidencia en caso de ausencia, vacante provisional,

enfermidade ou cando cese no cargo durante o seu mandato.

- b) Representar á Agrupación naqueles actos que dispoña a Presidencia.
- c) Asumir todas aquelas funcións que a Presidencia lle encomende.

4. Son funcións da **Secretaría**:

- a) Convocar as reunións da Xunta Directiva e firmar a convocatoria da Asemblea Xeral, xunto coa Presidencia.
- b) Levantar acta de tódalas sesións ~~da Xunta Directiva~~ e da Asemblea Xeral, e firmalas xunto coa Presidencia, dando fe da súa autenticidade.
- c) Custodiar os libros de actas, o arquivo e a documentación da Agrupación.
- d) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, as oportunas certificacións, dando fe da súa concordancia cos orixinais en relación ós documentos que obren na Secretaría ó seu cargo.
- e) Recibir, tramitar e cursar cantos documentos sexan dirixidos á Agrupación e á súa Xunta Directiva, ou expedidos por estes órganos, do que dará conta á Xunta Directiva.
- f) Cantas outras funcións lle atribúan os presentes Estatutos, ou se desprendan da propia natureza do cargo.

5. Son funcións da **Tesouraría**:

- a) Elaborar os orzamentos da Agrupación, e a rendición de contas, para a súa aprobación pola Xunta Directiva, e posterior presentación á Asemblea Xeral da Agrupación.
- b) Elaborar a memoria económica anual, para a súa aprobación pola Xunta Directiva, e posterior presentación á Asemblea Xeral e á Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense.
- c) Realizar os cobros e pagos correntes, e os demais acordados pola Xunta Directiva, co visto e praxe da Presidencia.
- d) Cantas outras lle sexan atribuídas polos presentes Estatutos ou se desprendan da propia natureza do cargo.

6. Son funcións dos **Vogais**:

- a) Todas as que lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, ou pola Xunta Directiva, ou se deriven dos presentes Estatutos.
- b) Substituír pola súa orde, á Secretaría ou Tesouraría en caso de ausencia, enfermidade, incapacidade, vacante ou dimisión.

**Artigo 28.- Réxime de funcionamento.**

1. A Xunta Directiva reunirase cando menos unha vez ó mes, nos días determinados pola propia Xunta, cando sexa convocada pola Presidencia, ou a instancia de tres dos seus membros, cunha antelación mínima de 72 horas.

2. A Xunta Directiva, quedará validamente constituída coa asistencia da maioría dos seus membros.

3. As deliberacións da Xunta de Directiva serán a porta pechada tendo os seus membros a obriga de gardar segredo das súas deliberacións., sen prexuízo da obriga da Secretaría de levantar acta das reunións.

4. As reunións da Xunta Directiva poderán celebrarse telemáticamente, de forma excepcional, cando así o decida a maioría dos seus membros.

**Artigo 29.- Acordos.**

A Xunta Directiva, adoptará os seus acordos por maioría simple dos membros asistentes á reunión, con voto decisorio da Presidencia no caso de existir empate.

**Artigo 30.- Comisións de Traballo.**

Poderán crearse as comisións de traballo que se estimen oportunas, a iniciativa da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral, debendo pertencer un dos seus membros á Xunta Directiva, que ostentará a condición de Portavoz da Comisión.

**Artigo 31.- Decisións da Xunta Directiva.**

Contra as decisións da Xunta Directiva poderán formularse alegacións no prazo de cinco días ante a mesma, que serán resoltas pola propia Xunta Directiva no prazo de 15 días.

**CAPÍTULO CUARTO.- DAS DELEGACIONES**

**Artigo 32.- Delegacións da Agrupación.**

Para un mellor cumprimento dos fins da Agrupación, para lograr unha maior eficacia das súas funcións, así coma para manter un contacto máis directo cos membros residentes fora do partido xudicial de Ourense, a Xunta Directiva poderá designar

Delegados nos Partidos Xudiciais coa finalidade de integrar e coordinar a actuación da Agrupación no ámbito da delegación. O nomeamento recaerá no integrante da Agrupación que, a xuízo da Xunta, reúna as mellores condicións para o desempeño do seu cometido.

**Artigo 33.- *Funcións dos Delegados.***

Os Delegados representarán á Xunta Directiva nas respectivas delegacións, e asumirán as funcións que lle encomende a Xunta Directiva, para un mellor cumprimento dos fins da Agrupación.

## **TÍTULO IV.- DO RÉXIME ELECTORAL**

**Artigo 34.- *Requisitos para ser elector e elixible.***

Para ser elixido membro da Xunta Directiva, é preciso ostentar o pleno uso dos dereitos civís e políticos, non incorrer en ningún motivo de incompatibilidade, ter a condición de colexiada ou colexiado en exercicio do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, pertencer á Agrupación da Avogacía Nova de Ourense cunha antigüidade mínima de seis meses á data da celebración das eleccións, e acreditar menos de 40 anos cumpridos ou, de ser maior desa idade, contar con menos de 5 anos de exercicio profesional efectivo na data en que se celebre o acto electoral.

**Artigo 35.- *Convocatoria de eleccións.***

1.- A Xunta Directiva convocará eleccións para a renovación deste órgano, en todo caso antes de que finalicen os seus dous anos de mandato.

2.- A convocatoria anunciarase cun mínimo de trinta días naturais de antelación á data da celebración das eleccións, por correo electrónico dirixido ós agrupados, e mediante a exposición do acordo no taboleiro de anuncios da sede do Colexio da Avogacía de Ourense.

A convocatoria debe incluír, cando menos, os cargos obxecto de elección e o día da celebración das votacións, con indicación expresa da hora de comezo e de remate.

**Artigo 36.- *Censo electoral.***

1.- Poderán ser electores tódalas persoas que o día de convocatoria das eleccións,

teñan cando menos unha antigüidade dun mes como membros de pleno dereito da Agrupación.<sup>1</sup>

2.- O censo electoral, firmado pola persoa que ostente a Secretaría, será o vixente o día da convocatoria das eleccións e estará formado por tódalas persoas que teñan a condición de agrupadas de pleno dereito e non estean inhabilitadas.

3.- O censo incluírá aqueles datos que sexan de acceso público e unicamente poderá ser utilizado polas candidaturas coa finalidade da celebración das eleccións, con estrito cumprimento do que estableza a lexislación vixente sobre protección de datos.

4.- A inclusión ou exclusión dunha persoa na lista de electores poderá ser recorrida ante a Xunta Directiva da Agrupación no prazo de cinco días hábiles dende a convocatoria das eleccións. O recurso resolverase no prazo de dous días hábiles pola propia Xunta Directiva da Agrupación e contra esa resolución poderá recorrerse ante a Xunta de Goberno do ICA Ourense no prazo de dous días hábiles.

### **Artigo 37.- Candidaturas.**

1.- Poderán ser candidatas tódalas persoas agrupadas como membros de pleno dereito que no momento da convocatoria das eleccións reúnan os seguintes requisitos:

- a) Non estar inhabilitadas.
- b) Ter unha antigüidade mínima de seis meses como membro de pleno dereito da agrupación.
- c) Non ter cumpridos na data de convocatoria das eleccións corenta anos de idade ou, de ser maior desa idade, contar con menos de 5 anos de exercicio profesional efectivo na data en que se celebre o acto electoral.

2.- As candidaturas conformaranse en listas abertas, podendo presentarse os candidatos, ben a título individual a un único posto por candidato, ou ben formando parte dunha candidatura colectiva.

3.- As listas presentadas deberán indicar o posto para o que se postula cada candidato.

4.- As candidaturas deberán presentarse na Secretaría do Colexio cando menos con vinte días naturais de antelación á data fixada para o acto electoral e deberán ser firmadas por tódolos candidatos, sen que ningún membro da Agrupación poda presentarse a máis dun cargo.

5.- As candidaturas deberán responder a criterios de paridade de xénero dos seus integrantes.

---



6.- Dentro dos dous días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Directiva proclamará candidatos ós que reúnan os requisitos estatutarios, publicará o acordo no taboleiro de anuncios do Colexio e comunicará os interesados.

A resolución de proclamación de candidatos será recorrible dentro dos seguintes dous días hábiles ante a Xunta Directiva da agrupación que resolverá no prazo de dous días hábiles. Esta resolución, poderá ser susceptible de recurso ante a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, no prazo de dos días hábiles.

7.- Cando se proclame unha candidatura única para os cargos vacantes, a Xunta Directiva declarará electos ós candidatos proclamados o día seguinte da finalización do prazo de presentación de candidaturas.

### **Artigo 38.- Mesa electoral, votación e escrutinio.**

1.- A Mesa Electoral estará composta por quen ostente os cargos de Presidencia e Secretaría da Agrupación, ou por quen eles deleguen, salvo que calquera deles se presente á reelección. Neste caso a mesa electoral estará composta polo elector máis antigo, que ostentará a presidencia da mesa, ostentando a secretaria o elector con menor antigüidade na agrupación.

2.- Cada candidatura poderá nomear a un interventor que a represente nas operacións electorais.

3.- A votación será persoal, directa e secreta, sen que sexa posible votar por representación.

4.- A votación terá unha duración de catro horas e realizarase nunha única urna, cerrada, na Sede do Colexio, dispoñendo dun espazo reservado onde as persoas electoras terán as papeletas correspondentes a tódalas candidaturas e papeletas en branco e sobres para introducir o voto.

5.- Finalizada a votación, procederase ó escrutinio dos votos, léndose en voz alta tódalas papeletas, sendo nulos aqueles votos que conteñan expresións alleas ó estrito contido da votación, que estean tachados ou que indiquen máis dun candidato para o mesmo cargo, e aquelas que decida a mesa electoral.

Aquelas papeletas que se encontren incompletas en canto ó número de candidatos, pero que reúnan os requisitos esixidos para a súa validez, computaranse para os cargos e persoas correctamente expresados.

### **Artigo 39.- Proclamación de candidatos electos.**

1.- Finalizado o escrutinio, quen ostente a presidencia da mesa electoral anunciará

o resultado, estendéndose a correspondente acta electoral, asinada polos membros da mesa e proclamándose seguidamente electos os candidatos que obtiveran para cada cargo o maior número de votos.

2.- En caso de empate, celebrarase unha nova votación, dentro dos cinco días hábiles seguintes. Se continuase o empate, entenderase escollido ó candidato con máis antigüidade na agrupación.

#### **Artigo 40.- Reclamacións.**

Calquera reclamación contra o resultado das eleccións, deberá presentarse por escrito no prazo de 24 horas desde o peche da mesa electoral, e será resolto pola Xunta de Goberno do ICA, á que se lle remitirán as papeletas xunto coas actas e demais documentación electoral.

### **TITULO V.- DO RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 41.- Do financiamento da Agrupación.**

1.- Para cubrir as súas necesidades de funcionamento, a Agrupación contará coas cantidades que orzamentariamente destine a tal fin o Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense.

2.- A Agrupación estará facultada para recadar fondos en calquera acto que organice, xa sexan actos de formación, encontros, xornadas, congresos ou calquera outro acto.

### **TITULO VI.- DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS**

#### **Artigo 42.- Procedemento de modificación estatutaria.**

1.- A modificación dos Estatutos será promovida pola Asemblea Xeral Extraordinaria da Agrupación e aprobada por a Xunta de Goberno do ICA.

2.- A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria que teña por obxecto a modificación dos Estatutos corresponderá á Xunta Directiva da Agrupación ou ó 25% dos membros, cunha antelación mínima de 30 días naturais á celebración da mesma.

A convocatoria debe incluír o proxecto de reforma que debe ser discutido na Asemblea.

3.- Tódolos membros da Agrupación poderán presentar emendas por escrito ante a Xunta Directiva durante os 20 primeiros días naturais dende a convocatoria, para ser discutidas na Asemblea Xeral.

4.- A Asemblea Xeral Extraordinaria para a finalidade prevista neste artigo, quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando os integrantes presentes ou representados constituán unha quinta parte do número total de integrantes da Agrupación. En segunda convocatoria, non é preciso quórum mínimo, quedando validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes.

5.- O acordo da Asemblea deberá ser adoptado por maioría absoluta dos membros presentes.

6.- Unha vez aprobado o proxecto de borrador pola Asemblea Xeral Extraordinaria, elevarase á Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, para a súa posterior aprobación e ratificación.

## **TITULO VII.- DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA AGRUPACIÓN**

### **Artigo 43.- *Disolución e liquidación.***

A Agrupación da Avogacía Nova de Ourense disolverase por vontade dos seus membros de pleno dereito acordada en Asemblea Extraordinaria co voto favorable de dous terzos dos membros presentes, ou cando sexa ordenado por disposicións legais ou regulamentarias, previa autorización da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, tal e como dispón o artigo 38 do seu Estatuto.

Unha vez acordada a disolución cesará a Agrupación en tódalas súas actividades, agás as de liquidación. A Xunta Directiva poderá ser nomeada como Comisión Liquidadora pola Asemblea Xeral Extraordinaria que acorde a disolución ou poderá nomearse a 5 agrupados de pleno dereito que asuman esa función.

Liquidados tódolos créditos e débedas, o remanente será entregado ó Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense coa reserva de que haberá de ser empregado en fins de interese social do Colexio ou na adquisición de fondos bibliográficos destinados á Biblioteca do Colexio.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **Disposición Adicional Primeira.-**

En todo o non previsto nos presentes Estatutos estarase ó disposto no Estatuto Xeral da Avogacía, ós Estatutos do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, ós Estatutos da Confederación Española de Abogados Jóvenes (CEAJ), e demais normas vixentes reguladoras da profesión, por esta orde.

### **Disposición Adicional Segunda.-**

Tódolos prazos sinalados nestes Estatutos, computaranse por días hábiles, salvo que expresamente se dispoña o contrario.

### **Disposición Adicional Terceira.- Proceso Electoral.**

Se convocadas as elección para a renovación da Xunta Directiva da Agrupación, non se presentaran candidaturas no prazo estipulado no Título IV relativo ó Réxime Electoral, do presente Estatuto, a Xunta Directiva prorrogará o seu cargo por un período de seis meses. Cumprida dita prórroga, convocaranse novamente as eleccións.

## **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Quedan derrogados os anteriores Estatutos da Agrupación de Abogados y Abogadas Jóvenes de Ourense.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Os presentes estatutos entrarán en vigor ó día seguinte ó da súa aprobación pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense.